

A plataforma realiza un chamamento para o 10 de outubro con motivo do Día Mundial da Saúde Mental, no que se desenvolverán diversos actos reivindicativos

O MGSM denuncia a falta de planificación no ámbito da saúde mental e a diminución de recursos

- Lamentouse as graves consecuencias para as persoas con enfermidade mental e as súas familias, que reclamaron un papel máis activo na asistencia.
- Evidenciouse a falta de planificación na reforma dos hospitais psiquiátricos e aseguran que se están a seguir criterios económicos e non clínicos desde a Administración.
- Sinalouse a perda de dereitos dos traballadores e traballadoras do ámbito da saúde mental, que en moitos casos se atopan desbordados, non recoñecidos, con escasos equipos e sen dirección.
- O anteproxecto de lei de reforma do Código Penal foi considerado como un grave retroceso lexislativo que afecta especialmente ás persoas con enfermidade mental.
- Convocouse a todo o sector a organizar diferentes actos reivindicativos de cara ao 10 de outubro, con motivo do Día Mundial da Saúde Mental.
-

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2014. A reivindicación da calidade asistencial no ámbito da saúde mental foi o eixo da xornada do Movemento Galego da Saúde Mental (MGSM) celebrada este **sábado 28 de xuño** na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela coa asistencia de máis de 200 profesionais e persoas usuarias. Á raíz das conclusións extraídas de cada unha das cinco mesas de traballo que se desenvolveron, constatouse na asemblea final do MGSM a necesidade social desta plataforma e **convocouse a todo o sector a organizar diferentes actos reivindicativos de cara ao 10 de outubro, con motivo do Día Mundial da Saúde Mental.**

Escoitouse a voz das persoas afectadas, profesionais do ámbito da saúde mental e do xurídico e sindical, baixo o lema “Unidos para defender o dereito a un futuro con saúde”, e extraéronse abondas conclusións que servirán como base para definir as actuacións futuras do MGSM. O anteproxecto de lei de reforma do Código Penal foi considerado como un grave retroceso lexislativo que afecta especialmente ás persoas con enfermidade mental, ao propoñer a eliminación das faltas e a volta ao concepto de “perigosidade social”, o que implica que recaea sobre os profesionais médicos e da xustiza a responsabilidade de decidir quen é ou non perigoso. Ademais, denunciouse que co cambio lexislativo estaríase a vulnerar a esencia das penas privativas de liberdade, que debera ser a reinserción social e rehabilitación, substituíndo estes principios polos de segregación do diferente. Os profesionais, segundo se expuxo na Xornada, non só non atopan nesta reforma resposta aos baleiros legais cos que se atopaban ata o momento (os da contención física) senón que se declaran aínda máis desprotexidos.

A reforma dos hospitais psiquiátricos na nosa Comunidade tamén foi obxecto de reflexión, declarando que foi feita sen planificación nin obxectivos, e sinalouse que o caso do centro compostelán de Conxo é un paradigma desta realidade. Os profesionais do mesmo comentaron que non teñen coñecemento da existencia dun plan para o hospital psiquiátrico, e que ao progresivo peche de camas non seguiu unha implementación de recursos comunitarios, senón que os pacientes foron trasladados a outros dispositivos residenciais, na maior parte dos casos concertados con empresas privadas, e con menor calidade asistencial, que definiron como unha *transinstitucionalización*. Segundo os traballadores do centro, para os usuarios que quedan no hospital non existen programas definidos, nin liñas de actuación nin directrices, máis alá do esforzo e do traballo de cada profesional individual. O persoal de enfermaría e auxiliares tamén deu conta do que definiron como negligencia e abandono, que veñen percibindo nos últimos anos na súa formación, que dan como resultado un empeoramento das condicións de traballo do persoal, así como da asistencia aos doentes.

A situación laboral foi o eixo central doutra das mesas de traballo, onde se chegou á conclusión de que se estaba a producir unha perda de dereitos para o persoal traballador do sector da saúde mental. Así, indicouse a fixación por parte do Ministerio de Traballo (e non do de Sanidade) da duración das baixas para cada patoloxía, a transferencia das valoracións de baixa ás mutuas (de novo empresas privadas) e a posibilidade de que estas teñan acceso ao historial médico completo do doente, vulnerando así o seu dereito á confidencialidade médico-doente. Por outra banda, os traballadores e traballadoras da sanidade declararon percibir un deterioro do seu traballo, sen dirección, sen planificación e seguindo criterios de tipo económico e non clínico, segundo se recolleu na mesa de traballo.

Expúxose como caso concreto o do hospital de Día, no que plan que existía para a rede galega de Hospitais de Día nunca chegou a implementarse por completo, e de feito nin sequera aparece mencionado nas planificacións dos últimos anos, ou é mencionado de xeito inexacto ou confuso, amosando a negligencia e falta de interese das autoridades ao respecto, de acordo co exposto na mesa de traballo.

Indo aos casos das unidades especializadas, o panorama que se debuxou na Xornada non foi máis alentador. Profesionais de áreas como Psicoxeriatría e Saúde Mental Infanto-xuvenil constataron están a correr a mesma sorte debido ao abandono institucional, xa que se atopan desbordados e non recoñecidos, con equipos infradotados e de novo sen planificación.

Repercusión social e conculcación de dereitos

As consecuencias na sociedade deste deterioro na calidade asistencial provocado pola diminución de recursos son graves e visibles e ocupan primeiras planas dos xornais. De feito, estableceuse un vínculo evidente entre a suba das cifras de suicidio na Comunidade e o contexto económico, agravadas aínda máis pola falta de medidas sanitarias e sociais que podan paliar situacións de extrema desesperanza e necesidade.

Os usuarios reivindicaron un papel máis activo tanto das persoas con enfermidade mental como dos seus familiares na asistencia, e a través das asociacións que lles deron voz declararon atoparse nunha encrucillada, tratando de paliar o abandono institucional pero á súa vez con escasos medios, sendo quen de dar atención só a unha pequena proporción de afectados. En moitas zonas, indicaron, non existen alternativas residenciais ou ocupacionais que non pasen polas asociacións de familiares, amosando de novo o abandono por parte da Administración.

O MGSM é un movemento cívico que pretende a protección da saúde mental en Galicia e a defensa da súa atención pública, ante o grave deterioro que está a sufrir e o dano que se está a causar nos dereitos das persoas. Está formado por máis de trescentos profesionais da saúde mental pública de Galicia, profesionais da Administración de Xustiza, cidadáns que comparten a súa Declaración, organizacións sindicais (CIG Saúde, Federación de Sanidade de CC. OO.), Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia, organizacións de familiares e usuarios dos servizos de saúde mental (Fonte da Virxe, A Creba, ASDAN, Xaruma, ONG-Solidarios Anónimos, Dédalo, Albores), Xuíces pola Democracia, Unión Progresista de Fiscais, Asociación Galega de Médicos Forenses, Asociación de Profesionais de Drogodependencias e Outras Condutas Aditivas, Asociación Galega para a Defensa da Sanidade Pública, Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria, Asociación Nacional de Enfermería en Saúde Mental, Mesa Galega da Psicoloxía Clínica, Asociación Galega de Psicólogos Internos Residentes, Asociación de Psicólogos Clínicos do SERGAS e o Equipo Boa Vida.

Máis información na web <http://movementogalegodasaudemental.blogspot.com.es>

Se desexan ampliar información ou para a xestión de entrevistas, poden contactar co Movemento Galego da Saúde Mental:

Eliana Martíns | 686 994 089 | comunicacion@copgalicia.org